

## ANEXO INFORMATIVO SOBRE PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO COMUNITARIO

Ao tratarse de subvencións financiadas con fondos do mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, ao estar incluído no Plan de recuperación, transformación e resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, en relación coa publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no artigo 34, do Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e coa Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, a persoa beneficiaria deberá cumprir os seguintes requisitos de publicidade e comunicación:

1. En todas as medidas de información e comunicación que leve a cabo, a persoa beneficiaria deberá recoñecer o apoio da Xunta de Galicia, conforme o manual de identidade corporativa que estea vixente, e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, ao proxecto, e incluír a imaxe institucional correspondente que mostre:

- a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga «financiado pola Unión Europea-Next GenerationEU» (disponible no link <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>)
- b) Referencia ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia (disponible no link <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>)
- c) O emblema do Consello Superior de Deportes, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.

O formato que se utiliza é o seguinte:

2. Durante a realización do proxecto e durante o período de duración dos compromisos adquiridos:

i. Breve descrición no seu sitio da internet do que dispoña a entidade beneficiaria, do proxecto desenvolvido ao abeiro da subvención concedida, dos obxectivos perseguidos e resultados acadados, na que se destaque a procedencia do financiamento e o emblema da UE, que incorpore a imaxe institucional correspondente, incluída a da Xunta de Galicia e a do Consello Superior de Deportes e que mostre:

- a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».
- b) Referencia ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- c) O emblema do Consello Superior de Deportes, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.
- d) Mención ao título da operación: «**Convenios coas Federacións deportivas para a organización de competicións en materia de promoción da igualdade e inclusión no deporte federado**».

ii. Colocar, polo menos, un cartel con información sobre o proxecto (dun tamaño mínimo A3), en que se mencionará o apoio financeiro da Xunta de Galicia e do Plan de recuperación, transformación e resiliencia ao proxecto, que inclúa a imaxe institucional correspondente, e que mostre:

- a) O emblema da Unión cunha declaración de financiamento adecuada que diga «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU».
  - b) Referencia ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
  - c) O emblema do Consello Superior de Deportes, ao ser este o órgano competente de coordinación e seguimento.
  - d) Mención ao título da operación: “**Convenios coas Federacións deportivas para a organización de competicións en materia de promoción da igualdade e inclusión no deporte federado**”.
- O cartel deberase colocar nun lugar visible para o público.